

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA A MELLORA DO VIAL SITUADO NA MARXE ESQUERDA DA AG-11, P.Q. 32+816, NO LUGAR DE SENDE.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

Durante a construción da antiga VG-1,1, a rede de camiños de titularidade municipal existente ao longo do seu trazado viuse afectada, executándose variantes co obxecto de garantir a súa continuidade. Un dos camiños afectados foi o situado na actualidade no p.q. 32+816, marxe esquerda, no lugar de Sende, aínda que daquela non se actuou sobre xa que o desdoblamento foi realizado cara a outra marxe.

O camiño referido localízase á altura do p.q. 32+816 da autovía AG-11, na marxe esquerda, no lugar de Sende. Nese punto, o camiño ten unha obra de drenaxe transversal que recibe as augas dende unha ODT da autovía AG-11 situada augas arriba. Os danos no camiño están na zona da saída das augas da súa ODT, na súa marxe máis afastada da autovía AG-11.

Constatado o mal funcionamento da súa drenaxe coas obras propostas pretendese solucionar o problema de acumulación de auga que se produce en época de chuvias e frear o deterioro existente baixo o camiño, así como dotar ao firme dunhas características uniformes axeitadas ás características do tráfico que soportan.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en corenta e sete mil novecentos corenta e nove euros con sesenta céntimos (47.949,60 €) incluído IVE.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras cun importe máximo de 47.949,60 € con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.610.1, código de proxecto 2018-00013, dos seus orzamentos de 2025.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de A Pobra de Caramiñal e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.



5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

Esta actuación xa fora prevista na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias

